

ENFIANDO

## O TURISMO QUE NOS VÉN



Texto Henrique Dacosta  
Escritor

Foto Jorge Meis

**P**ñoñome diante do papel e o que máis temo é enzo-rollarme, e que vostede, lector, poida quedar cunha idea confusa do que tento transmitir, que é moito e non é nada a un tempo. E digo nada, aínda que non no seu sentido máis pleno e xenérico, senón co sentido de pouca cousa. O cal, no entanto, lonxe está de ser "peccata minuta", non vaia pensar que o tema a abordar, acho, ten a súa miga e controversia máis que abonda.

O caso é que —neutral non se pode ser en se tratando de tema tan próximo e delicado— existe un novo proxecto de campo de golf no noso termo municipal, e o segundo, esa si que é boa!, na parroquia de Covás. Esta segunda tentativa, polo que parece, viría a ser nun terreo que, a min en particular, me é verdadeiramente estimado, por ser o das miñas correrías infantís, o do camiño da miña praia, o do pasto das vacas marelas de cando neno, o das disputas contra o atropelo de certa autoridade militar... e, por último, como non!, o do tránsito e labor de lavandeira de Balbina, a protagonista da miña última novela, "Os desherdados", recentemente publicada. Si, decerto que o campo de Marmadeiro garda para min demasiadas connotacións. E, como acabo de dicir, imparcial non podo ser, polo que, descúlpe-me lector, que unha miña que poida deixar levar pola paixón se cadra.

É esta, polo menos que eu recorde, a terceira das tentativas. Foi primeiro a de Lobadiz, despois a das Cabazas e a do Bodedo, e agora a de Marmadeiro, Cotodagua e Cardido. Nas tres, como se pode observar, terreos que abranxen grande parte de propiedade comunal. E un non é que teña unha opinión nin unha idea demasiado formada acerca dos campos de golf, das vantaxes e inconvenientes deles, que ambas existirán conforme pidamos opinión a uns ou a outros. Pero acerca do que, sen dúbida, si me podo preguntar é sobre o porqué de tanto empeño, esa teimosa extrema por querer, e a todo custo, construír un campo de golf. Sonlle sincero, lector, non coñezo nin á primeira persoa que xogue a este deporte, pero si a fútbol, a básquet, a tenis e mesmo a waterpolo e a rugby, xa postos a falar de deportes minoritarios. Haberá quen me replique e me diga que atraería un certo turismo de elite, dun alto poder adquisitivo. E eu, aínda co



pouco que lle sei, retrucarlalles dicindo acerca do carácter endogámico de quen practica dito deporte, cuxos beneficios reverterían unha e outra vez nos seus selectivos clubs, nas súas propias tendas, etc., co que en pouco ou en nada se vería a aldea, ou a cidade, en última instancia, beneficiada.

Outrosí, fálase da protección ecolóxica que sempre se lle presupón a un campo de golf, respectuoso co medio ambiente, aproveitando a morfloxía do terreo que xa existe e sen actuar sobre o sistema dunar. E eu, e co pouco que lle sei, lector, direille que, alén do inmensísimo consumo de auga (outro problema máis a engadir, e non pequeno por acaso), diríalles que pode ser altamente contaminante debido á inxente cantidade de fertilizantes, herbicidas, fungicidas, etcétera, que é necesario empregar acofío, coa conseguinte posibilidade de que os mananciais poidan chegar a ser contaminados por causa das filtracións. Outro tanto poderíamos dicir acerca da vexetación natural, do hábitat, o cal desaparecería sen dúbida ningunha, trocado, iso si, por un extensísimo pastizal que, curiosamente, é idéntico aquí ou en Dubai ou que en Torremolinos.

Un campo de golf, por que? Nun campo comunal, por que? Nun campo protexido pola Rede Natura, por que? Logo, para que? Falemos de beneficio. Mirando para o económico, perdóeme, lector, pero non acabo de verllo, con sinceridade que non. Inclusive, e xa postos a levantar a hipótese dos traballadores que precisaría, nin sequera se me ocorre que xente, xa non da parroquia, senón sequera da comarca, podería ser contratada. E isto, case que con certeza, porque a haberían de traer de fóra, persoal altamente cualificado para ditos mesteres golfísticos. O seu turismo, xa que logo, distaría moito de ser be-

neficioso para ninguén, non sendo para eles mesmos, claro está.

Busquemos, en definitiva, outro tipo de beneficios. O máis estimado aquí, se acaso, sería o do benestar persoal, o do lecer e desfrute, vivir a natureza tal e como é. Xa o campo de Marmadeiro foi o suficiente-mente estragado no seu momento froito da arrogancia e estulticia de certo tipo de autoridade militar. Entullos, arrasamento de parte do sistema dunar secular, alteración da morfloxía, etc., foron os resultados da desafortunada intervención de anos atrás. Non sería posíbel, e xa que estamos en territorio da Rede Natura, tentar promover precisamente a cultura do natural, a da observación, a do estudo da natureza? Acaso os terreos do vello acuartelamento non poderían ser aproveitados para tal mester? Fauna, haina, paxaros, e mesmo raposos e porcoteixos; vexetación litoral, por suposto; se até o Padre Sarmiento, o noso grande ilustrado do séc. XVIII atopou a planta da camariña neste campo, hoxe en franco retroceso!

A potencialidade é moita, mesmo turística se me apuran, e estou a pensar até en termos socioeconómicos. O vello cuartelillo da Porta do Monte, as baterías de costa abandonadas, o faro... Actividades asociadas, aínda que non exclusivamente coa natureza, ou si coa da delectación da paisaxe, tamaño pracer este!, que non é pouco. E, postos a soñar, o faro convertido en hoteliño, ao igual que o semáforo de Bares ou o de Fisterra ou o de Punta Nari-ga. Os túneles convertidos nuns fastuosos miradoiros sobre os cantís. Si, por que non, se o mesmo acontece na illa de Lanzarote, explotados turisticamente, con tendas, restaurante e mesmo hospedaxe asomándose sobre a pequena illa da Graciosa.

Xa ve, lector, temía enzo-rollarme, e así foi.

Imaxe da parroquia de Covás co campo de Marmadeiro en primeiro plano